

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Convocatoria e aprobación definitiva do proxecto de expropiación da obra de rehabilitación de urbanización existente con reposición de pavimentos instalacións urbanas e iluminación en Braña da Grixá

A alcaldía, por Resolución núm.903/2024, de data 19/07/2024, acordou aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta para a execución de obras en Braña da Grixá, dende AC-552 ata esquina de C/ Codeseiras con C/Tedín, en Vimianzo, segundo o documento (RE núm.202499900001299, de data 04/07/2024) redactado por Estudio Técnico Gallego S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (Colexiado 2.261 COAG).

No mesmo acordo resólvense as alegacións presentadas; apróbase a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo sistema previsto; confíreselle un prazo de 20 días ás persoas interesadas titulares dos bens e dereitos expropiados para que poidan manifestar por escrito ao órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado e apróbase a seguinte relacións de bens e dereitos afectados:

FINCA	REF.CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE EXPROPIADA (m ²)	SUPERFICIE TOTAL (m ²)	CLASIFICACIÓN SOLO	SITUACIÓN BÁSICA
1	15093B501020590000JU	LUCINDA FIDALGO RODRIGUEZ	79	215	URBANO	RURAL
2	15093B501711940000JZ	EVARISTO PEREIRA NUÑEZ MAGDALENA GLORIA OGANDO DIEGUEZ	55	178	URBANO	RURAL
3	15093B501011950000JG	JOSEFINA SOTO LEMA MARIA SOTO LEMA	119	1.631,00	URBANO	RURAL
4	15093B501012000000JT	MARIA JESUS ESMORIS AMEJEIRAS	366	5415,00	URBANO	RURAL
5	7531324MH9773S0001FW	CARMEN RODRIGUEZ TOJA SECUNDINA RODRIGUEZ TOJA	36	1295,00	URBANO	RURAL
6	15093B501012110000JI	JESUS CERNADAS VALIÑA ESTRELLA SOTO PEREZ	91	1119,00	URBANO	RURAL
7	15093B501012100000JX	CARMEN RODRIGUEZ TOJA	96	1176,00	URBANO	RURAL
8	15093B501012090000JJ	CARMEN RODRIGUEZ TOJA	39	456	URBANO	RURAL
9	15093B501012080000JI	JUAN VAZQUEZ OLVEIRA	33	375	URBANO	RURAL
10	15093B501012070000JX	HERMELINDA ESMORIS AMEJEIRAS	436	3117,00	URBANO	RURAL

Así mesmo, segundo o disposto no punto quinto da Resolución e de conformidade co previsto no artigo 293.10 e 293.11 do regulamento da Lei do solo de Galicia (Decreto 143/2016), CONVÓCASE aos titulares dos bens e dereitos afectados:

-O día 8 de agosto de 2024 ás 11: 00 horas na casa consistorial do concello de Vimianzo para efectuar o pago da valoración establecida e levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos a expropiar.

A estes efectos, poderán consultar o documento aprobado definitivamente nas oficinas do concello, en horario de atención ao público.

En Vimianzo, a 19 de xullo de 2024
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)